

CAPÍTULO IV. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS	1
4.1. A CONVIVENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS	1
4.2. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS À CONVIVENCIA	4
4.2.1. MEDIDAS CORRECTORAS ASOCIADAS A CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS	5
4.2.2. TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO CORRECTOR	6
4.2.2.1. <i>PROCEDEMENTO COMÚN</i>	6
4.2.2.2. <i>PROCEDEMENTO CONCILIADO</i>	7
4.3. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	8
4.3.1. PROCEDEMENTO DE IMPOSICIÓN DE PUNTOS NAS CONDUCTAS LEVES	8
4.3.2. CONCRECIÓN DE CONDUCTAS LEVES E PUNTOS QUE CONLEVAN	9
4.3.3. MEDIDAS CORRECTORAS ASOCIADAS A CONDUCTAS LEVES	10
4.3.3.1. MEDIDAS CORRECTORAS POR PUNTOS	10
4.3.3.2. MEDIDAS CORRECTORAS POR ACUMULACIÓN DE PUNTOS	11
4.3.3.3. SUPRESIÓN DE PUNTOS POR CONDUCTAS POSITIVAS	11
4.3.4. AXENTES RESPONSABLES DA APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES	13
4.4. COMPROMISOS EDUCATIVOS	14
4.5. <i>PRESCRICIÓN DE CONDUCTAS E DE CORRECCIÓNS</i>	15
ANEXOS CAPÍTULO IV	15
Capítulo IV. Anexo I. Parte de conduta contraria a convivencia	16

CAPÍTULO IV. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS

4.1. A CONVIVENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS

Respeto ao incumprimento das normas de convivencia, o artigo 12 da [Lei 4/2011](#) recolle o seguinte:

1. *Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o*



desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

*En canto as **condutas contrarias á convivencia**, tipificadas como faltas, clasifícanse de acordo co artigo 33 do [Decreto 8/2015](#), nas seguintes:*

- a) **Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**. Estas condutas regularanse conforme ao decreto mencionado.*
- b) **Condutas leves contrarias á convivencia**. Estas condutas regularanse cun sistema de puntos de sanción, tal e como se explica máis adiante neste mesmo capítulo.*

*En referencia á **gradación das medidas correctoras** previstas no artigo 34 do Decreto 8/2015, tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:*

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.*
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.*
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.*
- d) A natureza dos prexuízos causados.*



e) *O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.*

O Artigo 35 do Decreto 8/2015 sinala respecto á **reparación de danos causados**:

1. *O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.*

2. *Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.*

3. *O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.*

En relación ao **ámbito de corrección**, o artigo 36 do Decreto 8/2015 indica o seguinte:

1. *Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.*



2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

4.2. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREJUDICIAIS À CONVIVENCIA

De acordo co artigo 38 do [Decreto 8/2015](#), son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos



membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

4.2.1. MEDIDAS CORRECTORAS ASOCIADAS A CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

Segundo o artigo 39 do [Decreto 8/2015](#), as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

*a) Realización, dentro ou **fóra do horario lectivo, de tarefas** que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.*

*b) **Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias** do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.*

*c) **Cambio de grupo.***

*d) **Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases** por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*

*e) **Suspensión temporal do dereito de asistencia** ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. f) Cambio de centro.*

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou



acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

4.2.2. TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO CORRECTOR

Segundo o artigo 46 do Decreto 8/2015:

- 1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.*
- 2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.*
- 3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.*

A dirección do centro dará prioridade, na medida do posible á tramitación do procedemento pola vía conciliada.

4.2.2.1. PROCEDEMENTO COMÚN

A instrución do procedemento levaraa a cabo o profesorado elixido pola dirección do centro. Quedará excluído, deste procedemento de elección o profesorado implicado no conflito, o profesorado titor, e a orientadora; e sempre que sexa posible, o profesorado que imparte clase ao alumnado implicado no conflito.

Nesta elección terase en conta:

- A valía, a experiencia acumulada e a formación da persoa nomeada para a



instrución.

- Que esta persoa non fose nomeada para un procedemento similar nos dous últimos cursos académicos.
- A garantía, na medida do posible, da rotación destas responsabilidades.

4.2.2.2. PROCEDEMENTO CONCILIADO

A mediación do procedemento efectuaraa o profesorado elixido pola dirección do centro. Quedará excluído deste procedemento de elección o profesorado implicado no conflito, así coma o profesorado que imparte clase ao alumnado implicado no conflito (incluído o profesorado titor) e os membros do equipo directivo.

Nesta elección terase en conta:

- A valía, a experiencia acumulada e a formación da persoa nomeada para a mediación, priorizando os membros do equipo de mediación e o equipo de orientación (por esa orde).
- Que esta persoa non fose nomeada para un procedemento similar nos dous últimos cursos académicos.
- A garantía, na medida do posible, da rotación destas responsabilidades.

Comunicarase aos/ás pais/nais, tutores/as ou responsables do alumnado a incoación do procedemento, coa indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da/o docente que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa nun prazo máximo de tres días desde o inicio do procedemento.

O alumnado implicado, a persoa instrutora, a directora do centro e, de ser o caso, a persoa mediadora, seguirán as vías descritas no Decreto 8/2015 e rexistrarán por escrito nos modelos proporcionados pola administración educativa e publicados no Portal de Educación da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>, todas as reunións, citacións, acordos e conclusións do procedemento.



4.3. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación (artigo 43 do Decreto 8/2015):

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.*
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.*
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro. d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.*
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.*

4.3.1. PROCEDIMENTO DE IMPOSICIÓN DE PUNTOS NAS CONDUCTAS LEVES

As condutas leves contrarias á convivencia serán avaliadas e correxidas mediante puntos. En función da gravidade da acción poden ser impostos dun a seis puntos.

O PROCEDIMENTO a seguir para cursar unha sanción por puntos será o seguinte:

- Cubrir o parte de conduta contraria á convivencia **Parte de conduta contraria a convivencia.** [Acceso ao documento](#)
- No caso de que se produza a expulsión dun/dunha alumno/a da aula, deberá presentarse acompañado/a do delegado/a, subdelegado/a ou en caso de ausencia doutro/a alumno/a xunto ao profesorado de garda, Orientación ou



Xefatura ou outro membro do equipo directivo (por esta orde) con este documento cuberto e deberá levar consigo traballo para realizar durante o tempo da expulsión. O/A alumno/a acompañante informará á volta na aula de con quen quedou o/a alumno/a amoestado/a.

- PROFESORADO: debe inserir no XADE que informa en Abalar Móbil desta conduta ás familias no prazo máximo de tres días. A continuación entregarlle o parte á titoría.
- TITORÍA: Comprobar que está inserida a falta no XADE e no caso de condutas contrarias á convivencia penalizadas con 3 ou máis puntos chamar telefonicamente á familia. Entregar logo o parte a Xefatura.
- XEFATURA DE ESTUDOS: contabiliza os puntos.
 - Excepcións:
 - No caso de acumular máis de tres puntos (ben nunha sóa sanción ou por acumulación), a comunicación será por escrito **ás familias**, que asinarán o modelo de comunicación da incidencia e das medidas correctoras proporcionado por xefatura de estudos.
 - O/a alumno/a ou os seus pais/nais ou representantes legais, poderán presentar unha reclamación no prazo de corenta e oito horas contra as correccións impostas ante a dirección do centro.

[Enlace ao esquema procedemento](#)

4.3.2. CONCRECIÓN DE CONDUCTAS LEVES E PUNTOS QUE CONLEVAN

Conductas leves contrarias á convivencia	Puntos
Actitude disruptiva en clase. Falar, rir, facer xestos, ruídos ou actos improcedentes de xeito continuado na clase.	1
Usar vocabulario ofensivo .	1
Permanecer na aula ou corredores durante o recreo ou cambios de clase sen autorización.	1
Comer/beber/mastigar goma de mascar nas dependencias do centro non habilitadas	1
Causar danos leves de forma intencionada ou por neglixencia leve ás instalacións e aos materiais.	1-3



Non traer á clase o material de estudo de xeito reiterado.	1
Presentar tres faltas de puntualidade sen xustificación.	1
Dedicarse a materias alleas á sesión de clase.	1
Amosar unha actitude pasiva reiterada na actividade escolar.	1
Usar, sen autorización, dispositivos electrónicos (móbil, tableta electrónica, reprodutor multimedia, etcétera) nos períodos de lecer.	1
Apropiarse indebidamente de obxectos de xeito non grave.	2
Posuír ou exhibir obxectos perigosos ou substancias prohibidas que non revistan gravidade.	2
Utilizar ou manipular os equipos e o demais material informático do centro sen a autorización do profesorado.	2
Dar falsa testemuña sobre feitos acontecidos no centro que implicaran condutas contrarias á convivencia.	2
Incorrer en actos de indisciplina, inxurias, faltas de respecto ou ofensas contra os demais membros da comunidade educativa.	3
Saír do centro en horario lectivo sen autorización ou acompañamento do profesorado.	3
Caer en actos de discriminación non grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	3
Incumprir , de xeito non intencionado, as sancións impostas.	3
Cometer agresións físicas ou psíquicas non graves contra outros alumnos/as.	3
Participar en pelexas .	3
Cometer agresións físicas que deriven nunha pelexa a outro alumno/a.	6
Consumir tabaco ou outras substancias prohibidas no recinto escolar.	6
Manifestar síntomas claros de consumo de substancias que alteren a conduta, independentemente de que fosen, ou non, consumidas dentro do recinto e dentro ou fóra do horario lectivo.	6
Outras condutas leves:	1-6

4.3.3. MEDIDAS CORRECTORAS ASOCIADAS A CONDUTAS LEVES

4.3.3.1. MEDIDAS CORRECTORAS POR PUNTOS

Cando o alumnado incorra nalgunha das condutas leves contrarias á convivencia acumulará de 1 a 6 puntos segundo a táboa do punto anterior, e o seu comportamento carrexaralle algunha das seguintes medidas correctoras, sen que isto elimine os



puntos:

Puntos	Medidas correctoras
1	Amoestación verbal ou por escrito e aviso ás familias mediante o rexistro no XADE . Realización de tarefas durante un recreo . No caso de incorrer en uso do móbil seralle retirado o dispositivo e depositado en Secretaría.
2	Aviso ás familias mediante o rexistro no XADE . Realización de tarefas durante dous recreos. No caso de incorrer en uso do móbil seralle retirado o dispositivo e depositado en Secretaría.
3	Aviso telefónico e mediante o rexistro en XADE ás familias. Perda do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de de ata dúas semanas. Realización de tarefas durante cinco recreos . Realización de tarefas (ensaios, reflexións..) fóra do horario lectivo. No caso de incorrer en uso do móbil seralle retirado o dispositivo e depositado en Secretaría.
4-6	Aviso mediante rexistro en XADE e diligencia escrita de xefatura de estudos. Perda do dereito de asistencia á clase (expulsión interna ou externa) e realización de tarefas en todo o horario lectivo por un período de un a tres días lectivos. Perda do dereito de asistencia a determinadas clases e realización de tarefas durante esas horas. No caso de incorrer en uso do móbil seralle retirado o dispositivo e depositado en Secretaría.

4.3.3.2. MEDIDAS CORRECTORAS POR ACUMULACIÓN DE PUNTOS

A xefatura de estudos levará o reconto dos puntos. Cando o alumnado acumule un número determinado de puntos, terá como consecuencia algunha das seguintes medidas correctoras:

Puntos	Medidas correctoras
6	Aviso mediante rexistro en XADE e diligencia escrita de xefatura de estudos. Perda do dereito de asistencia á clase (expulsión interna ou externa) e realización de tarefas en todo o horario lectivo por un período de un a tres días lectivos. Perda do dereito de asistencia a determinadas clases e realización de tarefas durante esas horas.
12	Apertura dun PROCEDEMENTO CORRECTOR por reiteración
6 adicionais	Apertura dun PROCEDEMENTO CORRECTOR por reiteración

4.3.3.3. SUPRESIÓN DE PUNTOS POR CONDUCTAS POSITIVAS

A realización de determinadas actividades ou a manifestación de condutas positivas ocasionará a supresión de puntos. O alumno/a **deberá ir a xefatura de puntos e solicitar por escrito a supresión dos puntos** segundo a seguinte

táboa:

Condutas que suprimen puntos	Puntos suprimidos
Polos primeiros 15 días sen faltas de conduta.	1 punto.
Polos seguintes 30 días sen faltas de conduta (45 días en total sen faltas de conduta).	2 puntos.
Polos seguintes 30 días sen faltas de conduta.	3 puntos.
Pola participación no programa de mediación de conflitos.	3 puntos.

O número de puntos dun alumno/a nunca poderá ser inferior a cero nin ao múltiplo de seis que fose acadado por el ou ela con anterioridade á conduta positiva.

En caso de faltas de asistencia reiteradas e inxustificadas ao centro, os períodos transcorridos sen faltas de conduta non serán tidos en conta para a reconquista de puntos.

O alumnado que teña puntos por condutas contrarias á convivencia, poderá solicitar por escrito a vontade de realizar actividades para eliminar puntos. Entre as actividades que pode realizar:

Actividades voluntarias que conlevan a supresión de puntos	Puntos suprimidos
Axudante na biblioteca escolar durante 5 recreos	1 puntos.
Recollida de lixo no patio do IES durante 3/5 recreos.	1 punto
Regar as plantas do IES durante cinco recreos	1 puntos.



Presentación dunha reflexión á xefatura de estudos sobre a súa falta e o compromiso de non repetila.	1 puntos.
Presentación dunha reflexión ao grupo-clase sobre a súa falta e o compromiso de non repetila.	2 puntos

4.3.4. AXENTES RESPONSABLES DA APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES

Cada axente educativo ten distintas competencias na aplicación de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia segundo o seguinte cadro: (cfr. art 44 do Decreto 8/2015).

Medida	Docente	Titor/ a	Xef. estudos	Dirección
▪ Amoestación privada ou por escrito.	X	X	X	X
▪ Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.	X	X	X	X
▪ Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
▪ Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.		X	X	X
▪ Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X



<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cambio de grupo por un período de ata unha semana. 			X	X
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. 				X
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. 				X

4.4. COMPROMISOS EDUCATIVOS

O artigo 55 do Decreto 8/2015 . Compromisos educativos para a convivencia

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corríxida ou corríxido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a



convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

4.5. PRESCRIPCIÓN DE CONDUCTAS E DE CORRECCIONES

O artigo 56 do Decreto 8/2015 regula a prescripción de condutas e correccións:

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescripción non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescripción no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

ANEXOS CAPÍTULO IV



Capítulo IV. Anexo I. Parte de conduta contraria a convivencia

Nome e apelidos alumno/a:	Curso:
Data:	Hora:
Profesor/a:	Materia:

Rodee cun círculo os puntos na conduta correspondente.

Condutas leves contrarias á convivencia	Puntos	Condutas leves contrarias á convivencia	Puntos
Actitude disruptiva en clase. Falar, rir, facer xestos, ruidos ou actos improcedentes de xeito continuado na clase.	1	Utilizar ou manipular os equipos e o demais material informático do centro sen a autorización do profesorado.	2
Usar vocabulario ofensivo .	1	Dar falsa testemuña sobre feitos acontecidos no centro que implicaran condutas contrarias á convivencia.	2
Permanecer na aula ou corredores durante o recreo ou cambios de clase sen autorización.	1	Incorrer en actos de indisciplina, inxurias, faltas de respecto ou ofensas contra os demais membros da comunidade educativa.	3
Comer/beber/mastigar goma de mascar nas dependencias do centro non habilitadas	1	Saír do centro en horario lectivo sen autorización ou acompañamento do profesorado.	3
Causar danos leves de forma intencionada ou por negligencia leve ás instalacións e aos materiais	1-3	Caer en actos de discriminación non grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	3
Non traer á clase o material de estudo de xeito reiterado.	1	Incumprir , de xeito non intencionado, as sancións impostas.	3
Presentar tres faltas de puntualidade sen xustificación.	1	Cometer agresións físicas ou psíquicas non graves contra outros alumnos/as.	3
Dedicarse a materias alleas á sesión de clase.	1	Participar en pelexas .	3
Amosar unha actitude pasiva reiterada na actividade escolar.	1	Cometer agresións físicas que deriven nunha pelexa a outro alumno/a.	6
Usar, sen autorización, dispositivos electrónicos (móbil, tableta electrónica, reprodutor multimedia, etcétera).	1	Consumir tabaco ou outras substancias prohibidas no recinto escolar.	6
Apropiarse indebidamente de obxectos de xeito non grave.	2	Manifestar síntomas claros de consumo de substancias que alteren a conduta, independentemente de que fosen, ou non, consumidas dentro do recinto e dentro ou fóra do horario lectivo.	6
Posuír ou exhibir obxectos perigosos ou substancias prohibidas que non revistan	2	Outras condutas leves:	1-6



gravidade.			
------------	--	--	--

Puntos	Medidas correctoras
1	Amoestación verbal ou por escrito e aviso ás familias mediante o rexistro no XADE . Realización de tarefas durante un recreo .
2	Aviso ás familias mediante o rexistro no XADE . Realización de tarefas durante dous recreos. No caso de incorrer en uso do móbil seralle retirado o dispositivo e depositado en Secretaría.
3	Aviso telefónico e mediante o rexistro en XADE ás familias. Perda do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de de ata dúas semanas. Realización de tarefas durante cinco recreos . Realización de tarefas (ensaios, reflexións..) fóra do horario lectivo.
4-6	Aviso mediante rexistro en XADE e dilixencia escrita de xefatura de estudos. Perda do dereito de asistencia á clase (expulsión interna ou externa) e realización de tarefas en todo o horario lectivo por un período de un a tres días lectivos. Perda do dereito de asistencia a determinadas clases e realización de tarefas durante esas horas.

As medidas correctoras **NON** suprimen os puntos. Por períodos sen condutas non axeitadas e por actividades voluntarias pódense suprimir puntos.

A cubrir polo **ALUMNO/A** na propia aula despois da amoestación ou co/coa docente de **GARDA** se foi expulsado da aula (debe levar tarefas):

Describe claramente o acontecido:
Explica as consecuencias que consideres que ten o teu comportamento:
A que te comprometes para evitar este tipo de condutas no futuro?

Allariz, de de 20...

Sinatura do alumno/a

- Profesor/a.** Rexistro en XADE; sinatura:
- Titor/a.** Informado Tutoría; sinatura:
- Xefe/a estudos.** Rexistrado en Xefatura; sinatura: